



Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria

Secretaría Administrativa:

Apartado de Correos 939

15001-A Coruña

NORMATIVA DE AVALES CIENTÍFICOS DA SOCIEDADE GALEGA DE XERONTOLOXÍA E XERIATRÍA

INTRODUCCIÓN

A Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria constitúe unha Entidade Asociativa Científico-Profesional con actividade no eido Xerontolóxico que pode contribuir a normalizar e prestixiar coa súa aportación as actividades e foros de análise e docencia desta disciplina. Os avales da Sociedade a diferentes actividades científicas veñen sendo solicitados cada vez máis por Profesionais e Institucións, e o tempo aumenta o tipo de actividades para as que se veñen solicitando. É o noso desexo simplificar esta normativa, axilizando a concesión de avais por parte da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria e maximizando, polo tanto, a súa presenza en diferentes foros.

ACTIVIDADES QUE PODER SER ACREDITADAS:

As actividades que poden ser acreditadas pódense dividir xenericamente en tres grupos básicos:

a) Actividades Presenciais Oficiais e como tais organizadas por entidades do ámbito da educación e sanidade, sevizos sociais ou sociedades científicas, colexios profesionais,...

- Cursos de formación profesional
- Masters oficiais
- Programas de doutoramento

b) Actividades Presenciais de Estudio e Docencia

- Cursos, Obradoiros, Seminarios e similares
- Grupos de traballo, talleres interactivos e similares.
- Estancias en Centros Xerontolóxicos
- Congresos, Simposios e similares

b) Actividades non presenciais

- Cursos e Formación a distancia, incluíndo a Rede de Internet

c) Guías, Protocolos e Materiais de Formación

- Libros, Manuais, Monografías e Revistas Xeriátricas e Xerontolóxicas.
- Programas audiovisuais de docencia e intervención profesional.

- Material educativo xerontolóxico en papel ou soporte lóxico.

REQUISITOS PARA A CONCESIÓN DE AVALES

1. A actividade estará organizada por unha entidade que se xulgue con capacidade suficiente para levala a cabo.
2. A SGXX terá no seu poder, cunha antelación suficiente a o seu inicio, un dossier completo sobre aquelas actividades que se pide avaliar.
3. O profesorado, Técnicos e Profesionais, deberán contar con algún membro da SGXX de alomenos dous anos de antigüidade como Socio.
4. A duración da actividade formativa debe supera-las seis horas no caso de actividades presenciais, e doce nas restantes (para aquelas actividades incluídas nos apartados a) e b) de aquelas que poden ser acreditadas). En calquera caso, a duración da actividade deberá de ser suficiente para acadar os obxectivos propostos.

A SGXX recibirá un dossier completo sobre a actividade docente, que será avaliado pola Xunta Directiva da SGXX, incluíndo:

A) DATOS XERAIS SOBRE A ACTIVIDADE A ACREDITAR E SEU PROVEEDOR

- Nome do título da actividade e director responsable
- Información sobre a entidade provedora da actividade
- Tipo de actividade
- Duración da actividade (en horas)
- Procedemento de financiación da actividade
- Si a actividade que se pide avalar houberase realizado noutras ocasións, deberase incluír información sobre o número de veces que se ha impartido, alumnado e profesorado así como información sobre a avaliación de dita actividade.

B) INFORMACIÓN ESPECÍFICA SOBRE A ACTIVIDADE A ACREDITAR

- Obxectivos (Descrición dos Obxectivos Xenerais e Específicos da Actividade).

A actividade sometida a acreditación ha de estar suficientemente explicada nos seus obxectivos, distinguindo os Obxectivos Xenerais dos Obxectivos Específicos. Os primeiros fan referencia o obxectivo educativo no seu senso máis amplo e os segundos a súa formulación en termos de que área da formación continua se considera prioritaria (adquisición de habilidades ou destrezas concretas, adquisición ou mellora de actitudes, etc.) Este aspecto é extremadamente importante para valorar adecuadamente algúns dos puntos que máis adiante se consideran.

- Organización e loxística

Debe incluír a descrición o mais precisa posible do programa docente, o profesorado, os recursos humanos adicionais, os recursos materiais, a quenda, as prazas dispoñibles, o método de selección dos participantes e a adecuación entre a duración da actividade e os obxectivos. Neste apartado estimarase a capacidade que ten a institución para desenrola-la actividade.

- Metodoloxía docente

Descrición das metodoloxías docentes que se van utilizar, especialmente dirixida a permiti-la avaliación da adecuación entre os obxectivos da actividade e a súa metodoloxía. Igualmente incluírase o tipo de interrelacións entre os participantes e o profesorado.

- Avaliación

Deberase incluír unha descrición precisa do sistema de avaliación que se vai a aplicar a actividade docente, especificando en cada caso qué se vai a avaliar, xa sexan os participantes, o profesorado, o proceso ou o impacto da actividade. No caso de actividades presenciais, deberá constar o sistema de control de asistencia.

- Outros criterios adicionais
 - O grupo profesional diana da actividade formativa
 - Viabilidade económica da actividade.

COMISIÓN DE AVALES CIENTIFICOS

Os estatutos da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria recollen a existencia dun Comité Técnico para cantos asuntos de tipo científico determine a Xunta Directiva, entre os que se encontran a valoración de solicitudes de avales científicos. O Comité Técnico está composto alomenos por tres Socios Numerarios.

DEREITOS E OBRIGAS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Unha vez que se outorgue o aval científico da SGXX de unha determinada actividade científica, Docente ou Profesional, a Entidade promotora terá o dereito a facer figurar no programa o **logotipo** da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria e o seguinte texto:

Actividade avalada pola Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria.
--

As actividades as que se lle outorgue o aval figurarán no catálogo anual de actividades avaladas que a Secretaría da SGXX fará circular entre dos socios membros. Na páxina web da Sociedade manterase un listado actualizado de actividades as que se lle outorgou o aval científico.

O responsable do curso, ou no seu defecto os socios da SGXX implicados na actividade, enviarán un informe á Xunta Directiva da SGXX unha vez rematada a actividade, informando da celebración da mesma, do grao de consecución dos obxectivos e da asistencia ó mesmo. Así mesmo, as entidades organizadoras comprométese a proporcionar os asistentes unha folla de avaliación da actividade, que aqueles devolverán cumprimentada e a partir da cal o responsable do curso informará á SGXX sobre o grao de satisfacción do alumnado.

CONTROL DA CALIDADE DAS ACTIVIDADES

A Xunta Directiva da SGXX poderá avaliar, por algún dos seus membros ou pola persoa delegada ou Asesores, o desenvolvemento da actividade avalada. A SGXX. reservase o dereito de retirar a acreditación e anular a emisión de certificados se a citada avaliación fose desfavorable.

A Xunta Directiva da SGXX poderá asimismo valoralas actividades que se desenvolvan como “prácticas”, incluíndo o lugar de realización das mesmas.

REXIME ECONÓMICO

Establecerase un réxime económico para a acreditación das actividades que avale a SGXX e as Entidades solicitantes deberán de aboar previamente o custo que a Xunta Directiva acorde e que estará en relación cos gastos que a avaliación xenere para a obtención dese aval. As Entidades Públicas ou sen fin de lucro estarán exentas de custos de Avaliación, e asimismo as actividades que sexan organizadas polos membros da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria.

FORMULARIO SOLICITUD

Nome do título da actividade: _____

Director - responsable: _____

Membros da SGXX implicados na actividade: _____

Información sobre a entidade provedora da actividade: _____

Tipo de actividade: _____

Duración da actividade (en horas): _____

Avaliación da actividade en edicións anteriores: _____

Obxectivos da actividade Formativa: _____

Metodoloxía docente: _____

Avaliación: _____

Grupo diana da actividade formativa: _____

A CUBRIR POLA XUNTA DIRECTIVA DA SGXX

1) A actividade estará organizada por unha entidade que se xulga con capacidade suficiente para levala a cabo. SÍ NON

2) O profesorado, Técnicos e Profesionais, deberán contar con algún membro da SGXX de alomenos dous anos de antigüidade como Socio. SÍ NON

3) Os obxectivos da actividade formativa son relevantes para a SGXX SÍ NON

4) A metodoloxía proposta axeitase ós obxectivos formativos SÍ NON

5) SGXX ten no seu poder, cunha antelación suficiente, un dossier completo sobre aquelas actividades que se pide avaliar. SÍ NON

AVALIACIÓN: POSITIVA NEGATIVA (Especifíquese)

Caso de avaliación negativa (Razóns):

DATA: